

EXPOSICIÓN
CONFERENCIAS
TALLERES
PASEOS SONOROS
ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS
CONCERTOS



**European Acoustic Heritage**
Patrimonio Acústico Europeo

09.04.2013 a 03.05.2013
**europeanacousticheritage.eu**

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**EUROPEAN ACOUSTIC HERITAGE (EAH)** é un proxecto europeo que ten como finalidade descubrir tanto as paisaxes sonoras de Europa e os diferentes sons que compoñen a nosa experiencia, como a personalidade dos lugares e ambientes que forman parte do patrimonio cultural europeo.

A través da unidade na diversidade, European Acoustic Heritage promove o patrimonio cultural común, respectando as diversidades culturais e lingüísticas, tal e como se propón na Axenda Europea da Cultura.

Este ambicioso proxecto foi ideado polo seu membro coordinador, a Axencia Galega das Industrias Culturáis (**Agadic**) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e realizado polos seguintes socios europeos:

**FUNDACIÓN ILLA DE SAN SIMÓN**, cuxa finalidade é preservar e promover o patrimonio cultural e ambiental realizando actividades, como exposicións ou programas educativos, (www.fundacionilladesansimon.org).

**UNIVERSIDADE DE CIENCIAS APLICADAS DE TAMPERE** (Tampereen ammattikorkeakoulu - TAMK), que desenvolveu un amplo e importante estudo dos ámbitos acústicos de toda Europa a través de numerosos proxectos de investigación (www.tamk.fi).

**CENTRO DE INVESTIGACIÓN SOBRE O ESPAZO SONORO E O MEDIO URBANO** (Centre de Recherche sur l'Espace et l'environnement Sonore urbain - CRESSON) pertencente á Escola Nacional Superior de Arquitectura de Grenoble (ENSAG), que conta cunha longa traxectoria de investigación e publicacións sobre a relación entre son, arquitectura e espazo urbano utilizando métodos multi-disciplinarios (www.cresson.archi.fr).

**O PHONOGRAMMARCHIV DA ACADEMIA DE CIENCIAS DE AUSTRIA (PHA-OAW)**, primeiro arquivo sonoro da historia recoñecido mundialmente polas súas coleccións únicas e as súas innovadoras técnicas de restauración e investigación de medios analóxicos. Achegou ao proxecto a súa experiencia no ámbito das gravacións históricas de paisaxe sonora, as tecnoloxías espaciais e a utilización de bases de datos (www.phonogrammarchiv.at).

**O COLECTIVO MULTIDISCIPLINAR GALEGO Escoitar.org**, que centra a súa actividade no ámbito da Arte Sonora, formado por compositores, antropólogos, fonografistas e deseñadores web (www.escoitar.org) e que deu o impulso a este proxecto.

**EUROPEAN ACOUSTIC HERITAGE**
*Inauguración da Exposición European Acoustic Heritage e concerto de Carlos Suárez*

**+++**
**EXPOSICIÓN**

**EUROPEAN ACOUSTIC HERITAGE**
*Inauguración da Exposición European Acoustic Heritage e concerto de Carlos Suárez*

20.04.2013 a 03.05.2013
Acceso libre
Visitas guiadas: todos os días de 11.00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**Inauguración + CONCERTO de Carlos Suárez\***

20.04.2013 sábado
19:00 h
Agadic. Centro de Emprederemento Creativo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia. Santiago de Compostela

*\*Carlos Suárez.* Compositor e etnomusicólogo galego. En 1986 inicia a súa carreira como compositor creando dende entón máis de 40 obras acústicas e electroacústicas. As súas viaxes de investigación por Venezuela e O Caribe inicianse en 1989, principalmente cara ás áreas culturais afroamericana e indíxena no Amazonas, onde realiza gravacións e estudos sobre música e paisaxes sonoras. Tralo seu retorno a Galicia inicia os seus estudos da paisaxe sonora galega co colectivo Escoitar.org. Neste tempo xa realizou concertos en Venezuela, Brasil, Colombia, Perú, Uruguai, Portugal, Francia, Alemaña e España.
http://carlossuarez1966.wordpress.com/

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

## ○○○ CONFERENCIAS

**ÁLVARO CAMPOS (Estrategia y Organización S.A.)**
*Xestión de Proxectos Culturais Europeos*

22.04.2013 luns
17:30 h
Agadic. Centro de Emprederemento Creativo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia. Santiago de Compostela

**○○○ TALLERES**
**MIKEL R. NIETO**
*Sereas no Oído*
18.04.2013 e 19.04.2013 xoves e venres
09:00 a 14:30 h

Este taller teórico-práctico é unha introdución ao mundo da fonografía subacuática. Unha ocasión para descubrir os materiais, as técnicas e os procedementos desta práctica dedicada a recoller os sons existentes no auga. Os asistentes, durante o primeiro día, poderán iniciarse na hidrofonía comezando cunha introdución na teoría e historia desta práctica con escoitas de traballos sonoros. O segundo día será para exercicios colectivos de escoita e gravacións de sons.

Para alumnos do IES Audiovisual de Vigo
http://centros.edu.xunta.es/iesaudiovisualvigo/escola.html

*\*Mikel R. Nieto.* Nacido en Donostia-San Sebastián. Estudou Arte en San Sebastián, Madrid e Barcelona. Dende hai anos está inmerso na práctica fonográfica e na teoría que se desprende dela. Impartiu talleres en distintos centros culturais e universidades. É parte do equipo do mapa sonoro do País Vasco, soinunmapa.net, e de Hots! Radio.
http://mikelrnieto.net/

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**PABLO SANZ\***

*Son e Espazo. Obradoiro de escoita activa e fonografía.*
22.04.2013 e 23.04.2013 luns e martes
16:00 a 22:00 h

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

Achegamento á fonografía como práctica creativa e ferramenta interdisciplinar. Introduciranse algunhas ideas relacionadas coa escoita contextual e acusmática, exemplos de proxectos, métodos e estratexias creativas no traballo con gravacións de campo. Debateranse aspectos estéticos, técnicos e prácticos dende a fase de rexistro e manipulación dos materiais ata a elaboración de proxectos usando distintos formatos de presentación.

Para adultos sen coñecementos especializados
Matrícula gratuita ata completar prazas
Agadic. Centro de Emprederemento Creativo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia. Santiago de Compostela

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

*\*Pablo Sanz.* Artista sonoro. Participou en eventos, exposicións e proxectos colectivos en varios países europeos. O seu traballo foi premiado no certame de arte radiofónico 'No Aire' (2009, Círculo de Belas Artes, Madrid) e na competición 'Europe- A Sound Panorama' (2011, Goethe Institute, Deutschlandradio Kultur e ZKM-Karlsruhe). Algúns proxectos recentes inclúen: unha serie de composicións baseadas en gravacións subacuáticas, un mapa sonoro diun área rural en Cataluña realizado durante unha residencia do proxecto Campo Dentro, unha instalación site-specific no espazo público en colaboración con Juan Cantizani en Háxaa (NL); e encargos para a Radio do Museo Reina Sofía, Fon Air (UK) e Silence Radio (BE).
www.pablosanz.info

**◆◆◆ PASEOS SONOROS**

**MIKEL R. NIETO**
*Paseo Sonoro pola Ría de Vigo escoitando o fondo submarino*
20.04.2013 sábado
10:00 h

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

Saída: interior do peirao de reparacións de Bouzas (Vigo), preto do restaurante Marina Dávila (google map)
Límite de prazas: 30 persoas
Percorrido: viaxe ata as praias de Cangas e volta polo estreito de Rande
Duración: catro horas
Importante: levar roupa de abrigo e almorzar con sólidos (non só líquidos)
Teléfono de información: 619 637 211
Inscrición: info@sinsalaudio.org
\* Esta viaxe pódese aprazar polas condicións meteorolóxicas

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**JUAN LÓPEZ BEDOYA \*(Xeógrafo)**
*A paisaxe sonora do litoral*
*Paseo sonoro pola costa de Ferrol*
27.04.2013 sábado
11:00 h

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

Saída. 10:30 h dende o teatro Jofre (Ferrol)
Límite de prazas: 20 persoas
Percorrido: horario de mañá (con parada ao xantar) e tarde para aproveitar as diferentes mareas.
Duración: dúas horas pola mañá e outras dúas horas pola tarde
Importante: levar auga e roupa de abrigo
Teléfono de información: 619 637 211
Inscrición: info@sinsalaudio.org
\* Esta viaxe pódese aprazar polas condicións meteorolóxicas

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

*\*Juan López Bedoya.* Departamento de Xeografía da USC Especializado en xeografía física, centra a súa investigación nos eidos da xeomorfoloxía e a bioxeografía, participando en diversos proxectos relacionados co paleoclima e a dinámica costeira en Galicia e Arxentina. Na ordenación do territorio, formou parte das equipas de traballo e decisión do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, das Directrices de Ordenación do Territorio e das bases para os Catálogos e Directrices de Paisaxe de Galicia.

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**JUANJO PALACIOS\*/ TRESPÉS\* (Coop. de Redondela)**
*Paseo Sonoro pola enseada de San Simón*
29.04.2013 a 03.05.2013

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

Saídas:
Paseo polo estreito de Rande
Paseo pola vila de Redondela
Paseo pola Portela
Encontro con mariscadoras de Cesantes
Teléfono de información: 619 637 211

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

*\*Juanjo Palacios.* Fonografista e Artista sonoro. Autor do blog La Escucha Atenta, dedicado á fonografía. Director da plataforma de difusión LEA edicións en colaboración con Edu Comelles, centrada en gravacións de campo. Colaborador de LABoral Centro de Arte e Creación Industrial. Nos últimos anos desenvolveu diversos proxectos tanto no campo da paisaxe sonora coma no da composición. Entre os que destaca mapaSONORU, co que pretende espertar o interese pola paisaxe sonora, a escoita atenta, as gravacións de campo e facer un mapa sonoro de Asturias.
http://juanjopalacios.com/

*\*Trespés Cooperativa.* Cooperativa de Redondela que traballa cunha visión integral e multidisciplinar baseada nunha ampla experiencia nos sectores social, cultural e ambiental. Combina e complementa os diferentes ámbitos de traballo aplicando unha perspectiva cualitativa e fomentando a participación cidadá mediante metodoloxías flexibeis a cada contexto.
http://trespescoop.wordpress.com/

**\*\*\* ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS**

ACTIVIDADES DENTRO DAS II XORNADAS DE INVESTIGACIÓN DA FACULTADE DE BELAS ARTES DE PONTEVEDRA

**SEMINARIO co artista PABLO SANZ**
*Creación e produción de obra sonora especializada*
19.04.2013 venres
16:30 h

Para estudantes e investigadores da Facultade de Belas Artes de Pontevedra
Matrícula gratuita ata completar prazas

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**MESA REDONDA**
*Investigación e patrimonio sonoro*
19.04.2013 venres
19:30 h

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

Facultade de Belas Artes de Pontevedra
**Juan Gil** e **Horacio González. Escoitar.org.** Galicia.
**Jürgen Schöpf. Phonogrammarchiv.** Austria.
**Susanna Ihanus** e **Meri Kytö.** Tampere University of Applied Sciences. Finlandia
**Julien Mcoisans** e **Noha Gamal.** Cresson. Francia

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**PRESENTACIÓN DE EAH**

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

Facultade de Ciencias da Comunicación da USC
Santiago de Compostela
09.04.2013 xoves
11:00 h
Alumnado de 3º curso

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

Facultade de Ciencias da Educación. Campus Universitario As Lagoas, Ourense. Universidade de Vigo
16.04.2013 martes
12:00 h

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**◆◆◆ CONCERTOS**

**CARLOS SUÁREZ**
*Concerto con paisaxes sonoras do proxecto EAH*

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

20.04.2013 sábado
19:00 h
Agadic, Centro de Emprederemento Creativo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia/ Santiago de Compostela

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**PABLO SANZ**
*Concerto de Arte Sonora no Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro*
21.04.2013 domingo
13:00 h

Entrada: tarifa de visita ao museo. 6,00 €
Lugar: Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro
Web: http://www.paar.es/web/
Aforo limitado a 40 persoas

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

**CANTOS MARIÑEIRO S EUROPEOS**
*Contos e cantos mariñeiros: roteiro por Espasante e a súa memoria oral*

European Acoustic Heritage, logo do patrimonio acústico europeo

03.05.2013 venres. Espasante

EXPOSICIÓN  
 CONFERENCIAS  
 TALLERES  
 PASEOS SONOROS  
 ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS  
 CONCERTOS



# European Acoustic Heritage

Patrimonio Acústico Europeo

